

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 10 DE DEEMBRO DE 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día dez de decembro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde en funcións, Miguel A. Español Otero (decreto de delegación: 990/2007) contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.-ACORDOS

Lese o escrito RE 8.762 de data 7 de decembro de 2007, presentado por D. SANTIAGO POUSA SOBRAL, con enderezo na rúa Rosentes, nº 19 de A Guarda, solicitando a colocación dun punto de luz no lugar da súa residencia.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder tan pronto como sexa posible.

Dase conta da denuncia interposta ante a Policía Local de A Guarda por D. JOSÉ RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa da Cal, nº 14, polo ruído excesivo procedente do local denominado SINVENTO nas madrugadas dos días 5 e 7 de decembro.

A Xunta de Goberno Local acorda tomar as medidas oportunas.

Dase conta do informe da Policía Local de A Guarda relativo a denuncia presentada por un particular polos ruidos procedentes do local denominado SINVENTO no fin de semana último.

A Xunta de Goberno Local acorda instar ós responsables deste local para que cesen na actitude denunciada.

Dase conta do parte de denuncia interposto ante a Policía Local de A Guarda por D. Francisco Quirós Otero, con enderezo na rúa Tui, nº 2-1ª de A Guarda, denunciando os ruidos procedentes do local de copas GUESS durante o fin de semana e solicitando que se tomen as medidas oportunas.

A Xunta de Goberno Local acorda instar ó encargado do local para que cumpla as condicións da súa licencia e que a Policía Local faga un seguemento exhaustivo sobre o cumprimento dos termos da licencia para que, tralos informes pertinentes, adoptar as medidas que correspondan.

Lese o escrito RE 7.103 de data 2 de outubro de 2007, presentado por D. MANUEL RODRÍGUEZ SEOANE, con enderezo na rúa de Jose María Sesto, nº 92 de A Guarda, solicitando revisión de contador na vivenda da súa propiedade sita na rúa José María Sesto, nº 92.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda que se lle pasen os recibos por unha media ponderada do ano en curso e dar traslado deste acordo á Xestión Tributaria.

Lese o escrito RE 8.445 de data 26 de novembro de 2007, presentado por D. ALFREDO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Coruto Vello, nº 21 da Guarda, comunicando que houbo unha fuga de auga dentro da súa propiedade, e solicitando que non se teña en conta este consumo e se aplique o gasto habitual.

A Xunta de Goberno Local sinala que os consumos se atopan dentro da normalidade e a fuga prodúcese dentro da súa propiedade e non é responsabilidade do Concello.

Lese o escrito RE 4.364 de data 13 de xuño de 2007, presentado por DNA. IDALINA IGLESIAS GONZÁLEZ, con enderezo na rúa de Galicia, nº 44 de A Guarda, solicitando revisión de contador na vivenda da súa propiedade sita na rúa Galicia, nº 44.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda comunicarlle que funciona correctamente e que polo tanto non procede a reclamación.

Lese o escrito RE 6.998 de data 28 de setembro de 2007, presentado por D. JESÚS ROCHA PAIS, con enderezo na rúa de Rosalía de Castro, nº 3-baixo de A Guarda, solicitando revisión de contador deste obxecto tributario.

A Xunta de Goberno Local acorda dar instrucción a Xestión Tributaria para que lle cobre a media dos últimos trimestres e darlle traslado deste escrito ó operario municipal para que cambie o contador.

Lese o escrito RE 8.114 de data 9 de novembro de 2007, presentado por D. RAMÓN RIVERA MARTÍNEZ, en representación de Inmuebles Irolar, S.L., con enderezo na rúa Calvario, nº 1-2º de A Guarda, solicitando revisión de contadores dos obxectos tributarios sitos na rúa Bouzó, nº 16, pisos 1º B e 3º C.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do operario municipal, que textualmente di “estos contadores consumieron auga antes de ser dados de alta ya que en el momento del alta uno marcaba 164 m³ y el otro marcaba 466 m³ en septiembre de 2006”, acorda comunicarlle que non procede á reclamación.

Dase conta do escrito RE 8.739 de data 5 de decembro de 2007, presentado por D. VICTOR M. LOMBA GONZÁLEZ, en representación do CLUB SPORTING GUARDÉS, solicitando a presenza da Policía Local no campo de fútbol nos partidos xogados polo primeiro equipo.

A Xunta de Goberno Local sinala que se estudiará esta solicitude co xefe da Policía Local se a competencia lles corresponde a este corpo.

Lese o escrito RE 8.657 de data 4 de decembro de 2007, presentado por DNA. TERESA PENA VICENTE, con enderezo na rúa Baiona, nº 8-1ºG de A Guarda, solicitando que se lle reparen os danos ocasionados no seu garaxe como consecuencia das obras de Humanización da rúa Transv. Troncoso.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, xirada visita polos responsables municipais, a avería non se produciu polas obras da rúa Transv. Troncoso senón polas obras de instalación da propia comunidade de veciños, polo que non procede estimar dita reclamación.

Dase conta das cuotas que deben pagar os usuarios do Servizo de Axuda a Domicilio correspondentes ó mes de novembro de 2007.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación.

Lese o escrito RE 8.645 de data 3 de decembro de 2007, presentado por DNA. ÁNGELES ADROVER CIVIDANES, con enderezo na rúa da Cal, nº 14-1ºA da Guarda, presentando queixa polos ruídos xerados diariamente por unha veciña e solicitando que se tomen as medidas oportunas.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se trata dun problema entre particulares e polo tanto deberá acudir ó Xulgado de Paz.

PUNTO 2.- ASUNTOS URBANÍSTICOS

Lese o escrito RE 8.658 de data 4 de decembro de 2007, presentado por D. JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ VICENTE, con enderezo na Carretera de Camposancos, nº 38 de A Guarda, solicitando copia de determinados documentos do expediente de licenzia de obras 59/2007 e se lle dea traslado dos acordos adoptados con respecto a dito expediente.

A Xunta de Goberno Local sinala que se lle comunicará día e hora para acceder ó expediente.

Lense os escritos RE8.710 e 8.763 de data 5 e 7 de decembro respectivamente, presentados por DNA. MARÍA AVELINA ALONSO VICENTE, con enderezo na rúa Rosalía de Castro, nº 6 de A Guarda, solicitando copia dos planos obrantes no expediente do proxecto de reforma do PERI nº 5.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se lle comunicará cando estean feitas.

PUNTO 3.- ASUNTOS TRAIIDOS POR CONCELLEIROS

Lese o escrito RE 8.708 de data 5 de decembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA solicitando a aportación de determinados datos relativos á Festa da Lagosta do 2007.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e reitera que ten as contas a súa disposición en Intervención.

Dase conta do escrito RE 8.764 de data 7 de decembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA, solicitando que se tomen medidas para evitar a proliferación de gaiotas e palomas nas casas abandonadas e que afectan ó ornato e a seguridade veciñal.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 8.713 de data 5 de decembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA, solicitando que dende o Concello se faga un control da instalación de andamios na vía pública e se esixa o cumprimento da normativa ó respecto.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 8.765 de data 7 de decembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA, onde explica as razóns do seu reparo manifestado en Pleno de data 30 de novembro ó acordo de adquisición dunha parcela ó carón da Escola Taller.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Non habendo máis asuntos a tratar o Presidente levanta a sesión ás once horas do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.